

Recomendación dirixida á Consellería de Emprego e Igualdade para que se adopten as medidas oportunas para que a persoa que inicia este procedemento, muller recoñecida como vítima de violencia de xénero poida, o máis axiña posible, acceder á información concreta, demandar e xestionar a prestación de axudas para a inserción sociolaboral de mulleres vítimas de violencia de xénero ante esa Consellería, e en xeral, para toda a cidadanía.

Expediente: S.1.Q/2906/20

Santiago de Compostela, 5 de outubro de 2020

Sra. conselleira:

Ante esta institución, mediante escrito de queixa, compareceu solicitando a nosa intervención [REDACTED] referente á falta de desenvolvemento na C.A. de Galicia da xestión dun programa estatal de axudas para a inserción sociolaboral de mulleres vítimas de violencia de xénero .

ANTECEDENTES

Nesa queixa esencialmente indicaba:

“Que tengo reconocida la condición de víctima de violencia de género.

Que hasta el 10 de noviembre de 2019 estaba desempleada e inscrita como demandante de empleo en la oficina de Tornos de A Coruña. Con fecha 11 de noviembre de 2019 empecé a trabajar en una empresa a más de 50 Km. de mi domicilio habitual.

Que en la pág. web del Ministerio de Trabajo, Migraciones y Seguridad Social (http://www.mitramiss.gob.esies/Guia/texto/guia_1/contenidos/guia_1_2_10.htm) dentro de la Guía Laboral - Servicios y ayudas a los demandantes de empleo, en el punto 2.10. Programa de inserción sociolaboral para mujeres víctimas de violencia de género, aparece recogida una subvención/ayuda que recoge los gastos de desplazamiento, gastos de traslados de mobiliario y enseres y gastos de alojamiento que, por mis circunstancias personales (víctima de violencia de género), podría solicitar. Según dicha página web la gestión y la tramitación de dicha ayuda corresponde a las Comunidad Autónoma.

Que llevo desde finais de novembro solicitando información sobre dicha ayuda/subvención en distintos organismos como son: Oficina de Empleo de Monelos (A Coruña), Ministerio de Trabajo, Migraciones y SS en Madrid, Asesoramiento Xurídico de Igualdade de la Xunta de Galicia, Subdirección de Igualdade de la Xunta de Galicia, Xefatura territorial da Consellería de Emprego e Benestar -Servizo de Promoción do Emprego de A Coruña, Consellería de Política Social de la Xunta de Galicia, Dirección Xeral de Orientación e Promoción Laboral de la Xunta de Galicia, Subdirección de Orientación CEEI de la Xunta de Galicia, Subdirección de Promoción Laboral de la Xunta de Galicia, etc y nadie me sabe dar razón del tema.

El problema con el que me encuentro es que nadie sabe decirme nada sobre ella, parece una ayuda fantasma. Dicha ayuda no aparece recogida en la normativa autonómica razón por la que cualquier víctima de Galicia que cumpla dichos requisitos no la puede solicitar.

En la página web del Ministerio de Trabajo, Migraciones y SS se entiende que dicha ayuda tiene carácter estatal. Y, siendo así, se nos estaría perjudicando a las víctimas de violencia de género de Galicia frente a otras víctimas que residan en cualquier otra Comunidad Autónoma que si tenga recogida en su normativa autonómica dicha ayuda.

SOLICITO,

· Se hagan las gestiones pertinentes para que en la Comunidad Autónoma de Galicia se proceda a recoger en la normativa autonómica la ayuda mencionada más arriba. Y me pueda beneficiar de la misma tanto yo, como cualquier otra víctima que cumpla los requisitos que establece la normativa estatal porque, no es de recibo que siendo una ayuda estatal en Galicia no podamos solicitarla y ni beneficiarnos de la misma. “

Ante iso, requirimos información á Consellería de Economía, Emprego e Industria que xa nola remitiu. Nos informes achegados pola Administración sinálase o seguinte:

Informe de data 17 de xullo:

“En relación coa queixa formulada por ██████████, informamos do seguinte:

Respecto as axudas vinculadas ao Programa de inserción sociolaboral para mulleres vítimas de violencia de xénero, hai que indicar que a súa implementación correspondería á Consellería competente en materia de Emprego. Doutra banda, na Secretaría Xeral de Igualdade tamén se xestionan axudas específicas para mulleres vítimas de violencia de xénero.

A Consellería de Política Social dispón dunhas Axudas de Inclusión Social (AIS) destinadas, con carácter xeral, a persoas que se atopan nunha situación ou risco de exclusión social, que reúnan os requisitos previstos legalmente. Estas axudas poden ter distintas finalidades (complementarias da RISGA, para uso da vivenda, rehabilitación, adquisición de mobiliario, necesidades primarias...) e os seus requisitos de acceso son os establecidos

na Lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia e no seu decreto de desenvolvemento.”

Informe de data 21 de setembro:

“En resposta á queixa escrita de [REDACTED], e tras o informe emitido pola Xunta de Galicia, achegamos as seguintes consideracións:

A Consellería de Economía, Emprego e Industria, anteriormente Consellería de Traballo, dende o ano 2006 e conforme a orde 2 de maio de 2006 regula o programa de fomento de inserción laboral das vítimas de violencia. A mencionada orde ten por obxecto o establecemento dun programa de fomento da inserción laboral das mulleres vítimas de violencia que residindo na Comunidade Autónoma de Galicia, estean desempregadas, a través da súa participación nas diversas medidas activas de emprego implementadas o que poidan implementar a Consellería de Traballo.

No que se refire a apoios a mobilidade, se contempla nos programas de cooperación.

No seu art 6 dentro do apartado programas de cooperación, punto 4 se indica:

“ As beneficiarias percibirán un incentivo á mobilidade xeográfica de 180 euros mensuais, se o centro de traballo estivese situado nun Concello distinto ao do seu domicilio, agás que estes disten menos de 10 quilómetros entre as súas cabeceiras”.

Dende esa data todas as liñas de axuda dos programas de cooperación convocados anualmente contemplan este apoio a mobilidade.

A última axuda publicada por esta Secretaría Xeral de Emprego, Orde do 31 de xullo de 2020 pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego a través dos programas de cooperación no ámbito de colaboración coas entidades sen ánimo de lucro, e se procede á súa convocatoria para o ano 2020 (código de procedemento TR352A), recolle o incentivo a mobilidade xeográfica no seu art 6.4.

Polo exposto e conforme a queixa formulada por Dona [REDACTED] indicamos que as axudas a mobilidade están previstas nos programas de cooperación. Sen esquecer que o colectivo de mulleres vítimas de violencia de xénero é un colectivo prioritario e que conta cos apoios de intensidade da axuda e prioridade nos diferentes programas de apoio no emprego.”

ANÁLISE

Á vista do contido do escrito de queixa, da documentación achegada pola persoa que promoveu este expediente e do que se manifesta no informe da administración, cómpre facer as seguintes consideracións:

Resultando do segundo informe emitido por esa Consellería que existen reguladas e previstas na Comunidade Autónoma Galega as axudas á mobilidade para vítimas de Violencia de Xénero e resultando, tamén, da documentación achegada pola persoa que insta este expediente que, tras realizar ante distintos organismos da Administración Central, pero tamén da Autonómica, diferentes xestións para a súa tramitación, sen que, conseguise sequera iniciar o correspondente expediente.

A difusión da actividade administrativa e o dereito ao acceso á información é un dereito fundamental consagrado e polo tanto, unha garantía procesual para a cidadanía.

Non pode haber unha Administración eficaz se a mesma non publica nin comunica aos administrados de forma sistemática. Dita información ou, esencialmente, o Dereito á Información dende a Administración, debe canalizarse por varias vías: publicación sistemática, comunicación individualizada e comunicación como resposta a unha demanda concreta y, para iso, as Adminidtracions deben aplicar e concretar medidas que garantan o acceso á cidadanía, impedindo un lento e agónico peregrinar .

O dereito á información pública e á garantía da difusión das accións administrativas é un Dereito Fundamental para a defensa dos dereitos da cidadanía.

CONCLUSIÓN

Por todo o sinalado ata agora considerase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo, facer chegar a esa consellería a seguinte **recomendación:**

-Que se adopten as medidas oportunas para que a persoa que inicia este procedemento, muller recoñecida como vítima de violencia de xénero poida, o máis axiña posible, acceder á información concreta, demandar e xestionar a prestación de axudas para a inserción sociolaboral de mulleres vítimas de violencia de xénero ante esa Consellería .

- E, en xeral, para toda a cidadanía, se adopten as medidas oportunas para que por parte do persoal ao servizo desta Consellería, poida facilitar á cidadanía, a información suficiente, clara e precisa que lle permita a demanda e xestión das prestacións ás que poidan ter dereito,



incluíndo, as medidas necesarias para a coordinación coas demais Administracións estatais, autonómicas e locais,

Agradézolle de antemán a acollida ao manifestado nesta resolución da Valedora do Pobo, e recórdolle a necesidade de que no prazo dun mes (art. 32.2), dea conta a esta Institución da aceptación da recomendación formulada, de ser o caso, e das medidas adoptadas para darlle efectividade, tamén se é o caso.

Ademais, facémolle saber que, en aplicación do principio de transparencia, a partir da semana seguinte á data na que se ditou a presente resolución, esta incluírase na páxina web da institución.

Debo lembrarlle tamén que, ao abeiro da lei reguladora desta institución, o seu artigo 33 prevé que, se formuladas as súas recomendacións, non obtivese resposta ou, nun prazo razoable, non se producise unha medida adecuada ao suxerido, a Valedora do Pobo poderá poñer os antecedentes do escrito e as recomendacións efectuadas en coñecemento do conselleiro do departamento afectado ou da máxima autoridade da Administración Pública galega.

Se tampouco obtivese unha xustificación adecuada, incluírá tal asunto no seu informe anual ou especial con mención dos nomes das autoridades ou funcionarios que persistan naquela actitude, especialmente nos casos en que, considerando a Valedora do Pobo que era posible unha solución positiva, esta non se conseguise.

O principio de publicidade das resolucións desta institución refórzase no artigo 37 da Lei 6/1984, cando prevé que o Valedor do Pobo, no seu informe anual ao Parlamento de Galicia, dará conta do número e tipos de queixa presentadas; daquelas que foron rexeitadas e as súas causas, así como das que foron obxecto de investigación e o seu resultado, con especificación das suxestións ou recomendacións admitidas pola administración pública galega.

Saúdoo atentamente.

María Dolores Fernández Galiño
Valedora do Pobo

